

NORMAS DE USO E PROCEDEMENTO PARA O ACCESO AO SISTEMA DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS NA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Condicións xerais reguladoras do acceso e utilización do servizo

Constitúe o obxecto do presente documento a regulación xeral das condicións de uso do servizo de préstamo de bicicletas que se vai implantar no Concello de Santiago de Compostela, e a través do cal os usuarios poderán retirar unha bicicleta para a súa utilización, debendo depositala tralo seu uso nunha das estacións destinadas para o efecto.

Os puntos de préstamo inicialmente establecidos son:

- Estación de autobuses
- Multiusos Fontes do Sar
- Complexo deportivo de Santa Isabel
- Praza Roxa (parque de Ramírez)
- Área Central
- Campus Sur (campo de Hockey)
- Campus Norte (residencia universitaria)

O horario de funcionamento inicial é:

- Verán: de 8.00 a 22.00 horas
- Inverno: de 09.00 a 18.00 horas

Non obstante o anterior, o Concello resérvase a facultade de aumentar ou diminuír os puntos de préstamo e os horarios de utilización, dando suficiente publicidade ás medidas adoptadas.

O usuario é o único responsábel dos danos causados a si mesmo ou a terceiras persoas ou a calquera ben, moble ou inmobile, pola utilización ou uso normal ou anormal do servizo de préstamo de bicicletas.

Declaración de alta como usuario

Os interesados na contratación do servizo deberán, previamente á súa utilización, darse de alta como usuario; a tal efecto deberán formalizar a inscrición, aportando:

- Folla de inscrición debidamente cumprimentada.
- Formulario de fianza, no que o usuario fará constar un número de conta e/ou tarxeta de crédito, no que autoriza ao Xestor a cargar o importe de 150 € para repoñer ou reparar a bicicleta no suposto de que se produzan feitos relacionados con actuacións negligentes do usuario.
- Fotocopia do DNI ou documento acreditativo da personalidade do solicitante.

As solicitudes poderán efectuarse a través da páxina web que se publicitará no seu momento, ou ben na oficina situada na estación de autobuses no horario que se estableza a tal efecto.

Unha vez formalizada a inscrición, facilitaráselle ao usuario unha tarxeta identificativa de acceso ao servizo, considerándose, nese momento, a alta efectiva do usuario no sistema.

A tarxeta de acceso ten carácter persoal e intransferíbel e terá unha validez de un ano ou unha semana, segundo a modalidade de tarxeta. Transcorrido o prazo, os usuarios deberán proceder á súa renovación.

O Concello poderá modificar en calquera momento as condicións de acceso, así como introducir modalidades de abono.

O usuario comprométese á conservación e bo uso da tarxeta. Para os supostos de extravío ou rotura, e/ou solicitude dun duplicado, o custo de emisión da nova tarxeta deberá ser soportado polo usuario.

Queda expresamente excluída a posibilidade de dar de alta no servizo como usuarios a todo tipo de persoas xurídicas.

Baixa do servizo

Os usuarios poderán darse de baixa no servizo:

- Por caducidade do período de validez da tarxeta.
- Mediante declaración expresa, cumprimentando o impreso ao respecto.
- Pola falta de utilización da tarxeta nun período de tempo superior a seis meses, no caso da tarxeta anual, sendo automaticamente dado de baixa polo sistema.
- Polo incumprimento dalgunha das normas de utilización do servizo, agás no suposto establecido no punto seguinte.
- Polo atraso na entrega dunha bicicleta con respecto ao horario previsto en máis de unha hora, procederase a dar de baixa por un período de quince días por cada hora ou fracción de exceso; tres infraccións deste tipo en tres meses implicarán a baixa do sistema por un período dun ano.
- Polas outras causas previstas no presente documento.

A baixa do servizo terá como consecuencia a perda de todos os dereitos, debendo, en caso de estar novamente interesado, darse de alta como se dun novo usuario se tratara.

Utilización do servizo

O usuario terá acceso á utilización do servizo mediante o uso da tarxeta de identificación. Cada novo uso das bicicletas supón a aceptación das normas establecidas.

Tarifas

Contaremos con dúas modalidades diferentes:

1. **Tarxeta anual:** para os usuarios que queiran utilizar o servizo de maneira habitual, cun custo anual de **10 €**.
2. **Tarxeta semanal:** para o resto de usuarios que queiran utilizar o servizo de maneira esporádica, cun custo por semana de **5 €**.

Aínda que nun principio o servizo iníciase con estas tarifas, tralos estudos de implantación que se realizarán por parte do Concello, as tarifas poderán sufrir variacións.

Declaración responsábel

O usuario declara ser maior de idade, ou menor autorizado, coñecer a normativa vixente sobre tráfico e condución de vehículos e estar capacitado para a condución de bicicletas.

As persoas de entre 16 e 17 anos poderán darse de alta no servizo mediante a formalización da inscrición correspondente, aportando, ademais, a autorización expresa e declaración de asunción de responsabilidades dalgún dos seus pais ou titores, utilizando para iso o modelo de inscrición axeitado.

Queda expresamente prohibida a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.

Dereitos dos usuarios

Os usuarios adquiren, mediante a inclusión no servizo, o dereito á utilización do mesmo nas condicións e coas limitacións que se establecen neste documento.

O usuario disporá de bicicletas en perfecto estado de uso e funcionamento.

Para calquera reclamación sobre as condicións e circunstancias que afecten á prestación do servizo, o usuario poderá dirixirse ao Xestor do servizo a través do teléfono de atención ao usuario. O Xestor do sistema responderá á consulta e/ou reclamación nun prazo inferior a 15 días naturais posteriores á comunicación.

Obrigas do usuario

O usuario comprométese, en cada ocasión en que se utilice o servizo, a:

- Facer uso do servizo e da bicicleta coa máxima dilixencia.
- Non ceder o uso, baixo ningún concepto, a terceiras persoas.
- A utilizar a bicicleta, exclusivamente, para o transporte persoal.
- A utilizar a bicicleta, exclusivamente, no casco urbano do termo municipal.
- A comunicar á oficina de información do usuario, calquera avaría ou calquera accidente que tivera a bicicleta, sinalando as condicións e o lugar na que se atopa depositada. Se por razóns de avaría a bicicleta non fora depositada nunha estación, o usuario asumirá a custodia da bicicleta por un prazo de dúas horas posteriores á comunicación da avaría.

- O usuario, dende o momento da retirada da bicicleta para o seu uso, e ata o instante da súa devolución nunha estación, asumirá plenamente a garda e custodia da bicicleta, respondendo persoalmente da súa boa conservación e da súa restitución ao termo do período de uso.

O usuario, ao tempo de retirar a bicicleta para o seu uso, obrígase a:

- Comprobar os freos e o estado xeral da bicicleta. En caso de que a bicicleta non se atope en boas condicións de uso, o usuario devolveraa e poderá retirar outra.
- Á devolución da bicicleta nunha estación ao termo do período de uso, sen posibilidade de prórroga.
- Á restitución da tarxeta de usuario cando fora requirido para elo.
- En caso de roubo da bicicleta, o usuario ten a obriga de comunicar nun prazo máximo de 2 horas a súa desaparición a través do teléfono de atención ao usuario, ou persoalmente na oficina de atención ao usuario. O usuario está obrigado a presentar unha copia da denuncia efectuada nas dependencias policiais.
- O usuario autoriza á prestataria do servizo a cobrar os importes dos danos que se puideran infrinxir ao sistema polo uso negligente do mesmo, tanto por acción como por omisión. Así mesmo, o Xestor do sistema poderá reclamar pola vía xudicial ordinaria os danos e prexuízos que o usuario tivera ocasionado.
- O usuario declara que coñece e acepta que o incumprimento das obrigas do usuario darán lugar á baixa no sistema.

Limitacións no uso

- Prohíbese ao usuario prestar, alugar ou ceder a terceiros a bicicleta e/ou a Tarxeta de Usuario de acceso ao servizo, así como calquera utilización da bicicleta contraria ao previsto no presente documento e nas disposicións legais vixentes.
- O usuario non poderá utilizar a bicicleta en terreos ou en condicións que non sexan apropiadas para as mesmas, nin fóra do casco urbano do termo municipal do Concello de Santiago de Compostela.
- Non está permitido o transporte de pasaxeiros, distintos ao usuario da bicicleta.
- Prohíbese a desmontaxe e/ou manipulación parcial ou total da bicicleta.
- Prohíbese a utilización da bicicleta para usos comerciais.

- Estabéllese un período máximo de utilización do servizo para cada desprazamento de unha hora; excedido este período o sistema non permitirá un novo desprazamento ata que non transcorra un prazo de dúas (2) horas. No caso de que o período de exceso sexa superior a unha hora, será causa de baixa do servizo.

Tratamento confidencial dos datos

A política de protección de datos do Xestor do sistema acóllese ao marco legal que dita a lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais normativa de desenvolvemento.

O Xestor comprométese á non utilización dos datos incorporados aos arquivos xerados no sistema máis alá do propio uso derivado da prestación do servizo e comunicacións comerciais entre o prestatario do servizo e o usuario.

Calquera usuario poderá solicitar, en calquera momento, modificar os datos existentes nos arquivos ou causar baixa como usuario do servizo, así como causar baixa nos arquivos ligados ao mesmo.

Finalmente, infórmase que poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo un escrito, xunto coa fotocopia do DNI ou documento oficial que acredite a identidade do interesado, ao Xestor do sistema, nas oficinas de atención ao usuario.